

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES VECIÑAIS E EQUIPAMENTO DOS LOCAIS VECIÑAIS

Artigo 1º - Obxecto das subvencións

É obxecto desta convocatoria regular a concesión de subvencións para a realización de programas ou actividades polas Asociacións de veciños, ase como con destino á dotación de material inventariable para estas asociacións, sempre que este sexa considerado como indispensable para o seu funcionamento ordinario, consonte co procedemento que a seguir se establece.

Para os efectos desta convocatoria, entenderanse por programas ou actividades veciñais as encamiñadas á promoción, animación e relacións das asociacións veciñais de ámbito local..

2.- Imputación orzamentaria e contía

As subvencións reguladas nesta convocatoria concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias 190.4630.48956 e 190.4630.78956 do orzamento do Concello de Ourense para o exercicio 2008, cunhas dotacións por importe global de 50.000 euros e de 30.000 euros, segundo se trate do financiamento de gastos de actividades, ou do financiamento de equipamento para as devanditas asociacións.

Establécense dúas liñas de financiamento:

1. Organización de actividades veciñais e outras actividades de especial transcendencia social que contribuirán á promoción do asociacionismo.
2. Adquisición de material inventariable para os locais veciñais.

A contía da subvención non poderá exceder do 75% do custo do proxecto de actividades para as que se solicita a subvención. Este límite operará tanto no momento de outorga-la subvención como no exame da conta xustificativa que debe presenta-lo beneficiario da subvención, para acredita-lo emprego da subvención concedida.

2.- Poderán ser obxecto de subvención os seguintes programas e actividades:

- a. Promoción do asociacionismo
- b. Animación
- c. Cursos
- d. Actividades de aire libre , medio ambiente e natureza

3.- Poderán ser obxecto de subvencións para equipamento:

- a. Material inventariable.

4.. Non será subvencionadas con carácter xeral:

- a. As que sexan ou poidan ser obxecto de outras convocatorias municipais
- b. As actividades pechadas ou que pretendan o goce exclusivo do colectivo solicitante.
- c. As actividades que teñan fins de lucro ou dependan económica ou institucionalmente de entidade lucrativas.
- d. As docentes previstas nos plans de estudos vixente ou que teña como obxectivo ou contidos propios da educación formal.
- e. Actividade e programas desprovistos de valor para o colectivo específico ó que vai dirixido.
- f. As actividades desenroladas no marco das festas patronais do municipio.
- g. Non se admitirán solicitudes das entidades que sexan parte dun convenio de colaboración vixente co Concello de Ourense.
- h. As propostas que non teñan xustificado as subvencións do ano anterior non serán consideradas para a presente convocatoria.

Artigo 3º - Destinatarios

- 1.- Poderán solicitar subvención as asociacións veciñais inscritas no Libro de Rexistro do Excmo. Concello de Ourense.
- 2.- Será requisito imprescindible para a concesión de subvención ter xustificado debidamente as axudas recibidas do Excmo. Concello de Ourense no último ano.

Artigo 3º - Documentación

- 1.- As solicitudes dirixiranse á Concellería de Participación Cidadá. Deberán presentarse no Rexistro Xeral deste Excmo. Concello.
- 2.- As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:
 - a)- Instancia solicitando a subvención.(anexo I)
 - b)- Declaración responsable (anexo II)
 - c)- Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar, con especificación da data, obxectivo e fins concretos a que destinarán os fondos (anexo III) (un por cada actividade)
 - e)- Orzamento de ingresos e gastos de actividades con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por outros organismos públicos ou privados. (anexo III)
 - f)- Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF) da asociación veciñal e fotocopia de número de identificación fiscal (NIF) da persoa que subscribe.
 - g)- Fotocopia da acta de asemblea xeral onde foi aprobado por maioría a programación do exercicio 2008.

As solicitudes deberán reuni-los requisitos establecidos nas normas de procedemento administrativo, adxunto ó modelo e sistema normalizado de solicitude, que se acompañan como anexo I

As deficiencias na solicitude e as omisións nos documentos preceptivos deberán emendarse previo requirimento, en prazo de dez días dende a notificación, na que se indicará que se non se fixera se terá por desistido da súa petición, sendo arquivada sen máis trámite.

3.- O prazo de presentación de solicitude será de trinta días naturais contados a partires da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP)

4.- Por parte do Excmo. Concello de Ourense poderá requirir, se fose necesario, a documentación dos defectos apreciados na documentación presentada, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 5º - Avaliación das solicitudes

Unicamente serán valorados aqueles proxectos nos que se observe a debida concordancia entre a actividade obxecto da subvención e os fins da asociación A avaliación dos distintos proxectos efectuarse consonte ós seguintes criterios e de acordo coa ponderación que se detalla a continuación :

a) Calidade e claridade do proxecto 10 puntos

1. Obxectivos acordes coa actividade subvencionada especificadas no artigo anterior
2. Novidade do proxecto
3. Calidade e repercusión das actividades propostas

b) A viabilidade técnica e económica do proxecto 5 puntos

c) Os medios persoais e materiais para levar a cabo a actividade 5 puntos

d) A contribución do proxecto ó desenrolo da Participación Cidadá 10 puntos

1. Participación da entidade en organismos e estruturas municipais de Participación Cidadá
2. Implicación e implantación social (beneficiarios das actividades)
3. Traballo en rede con outros colectivos ou organizacións.

e) O emprego da lingua galega e o fomento da mesma..... 5 puntos

Artigo 6º - Tramitación

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Xefe de Negociado de Participación Cidadá, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se realice a proposta.

2.- Se a solicitude, a documentación e a información presentada non reúnen os requisitos esixidos o/a interesado/a será requirido para que no prazo de dez días, contados desde a recepción da notificación oficial, corrixa as faltas e/ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se desestimarán a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

3.-Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de avaliación, integrada pola concelleira delegada de Participación Cidadá que actuará como presidenta, o interventor, o asesor xurídico, actuando o xefe de Negociado de Participación Cidadá como secretario

A Comisión de avaliación procederá á valoración individual das subvencións procedendo primeiro á exclusión das solicitudes que non reúnan os requisitos necesarios para ser beneficiarias e valorando despois as solicitudes cumpridoras en consonancia cos criterios establecidos no artigo 5º. Unha vez avaliadas as solicitudes o Comité avaliador emitirá un informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

4.- Emitido o informe de avaliación o órgano instructor formulará unha proposta de resolución- provisional debidamente motivada que será notificada aos interesados concedendo un prazo de 10 días para presentar alegacións. Poderase prescindir do prazo de audiencia nos casos previstos no artigo 8.4 da Ordenanza Municipal de subvencións, revestindo neste caso a proposta carácter definitivo.

Examinadas as alegacións o instructor formulará a proposta de resolución -definitiva que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios seguidos para efectualas. Tamén conterá a relación de aspirantes aos que se lles denega a subvención xunto coa motivación .

5.- As propostas, provisionais e definitivas, non crean ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á administración.

Artigo 7º - Resolución

1.- A resolución de solicitudes de subvención será competencia da concelleira delegada de Participación Cidadá logo da proposta do órgano instructor correspondente.

2.- O prazo máximo para resolver será de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación da solicitude. O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa lexítima ao interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.A resolución, debidamente motivada, ademais de conter a relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención e, fará constar expresamente, se é o caso, a desestimación do resto das solicitudes.

3.- Notificada a resolución definitiva os beneficiarios dispoñerán dun prazo de 10 días hábiles para a súa aceptación, transcorrido este sen que se producese manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4.- A resolución dos expedientes instruídos ao amparo do disposto nestas bases esgotará a vía administrativa, sendo potestativo o recurso de reposición, que poderá interperse no prazo du

mes, podendo interperse directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, perante o órgano competente xurisdiccional contencioso administrativo, ao abeiro da lei 30/1992, de 26 de novembro

5.- A Concellería de Participación Cidadá reserva para si o dereito de orientar tecnicamente as actividades e comproba-los datos económicos, así como de espallar e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas

Artigo 8º - Gastos subvencionables

Os gastos obxecto de subvención serán, exclusivamente:

1. Gastos de oficina producidos pola actividade
2. Publicidade da actividade da entidade
3. Honorarios de monitores
4. Obsequios
5. Gastos de convivencia veciñal

Non obstante, dentro do apartado de gastos de convivencia veciñal, non serán subvencionadas en ningún caso, aqueles cuxo obxecto sexa comidas de confraternidade, protocolarias ou representativas da propia asociación organizadora do evento.

Artigo 9º - Obrigas dos beneficiarios

As entidades beneficiarias das axudas quedarán obrigadas a:

- 1.- A comunicar no prazo de 10 días naturais, a partir da recepción da notificación de concesión da subvención, a súa aceptación nas condicións e límites que se expresan na notificación.
- 2.- A non modificar, sen autorización expresa da Concellería de Participación Cidadá o programa de actividades inicialmente previsto.
- 3.- A admitir-la comprobación da execución dos proxectos subvencionados por parte da Concellería de Participación Cidadá.
- 4.- Facer constar en toda a publicidade xerada pola actividade subvencionada que recibiron axuda da Concellería de Participación Cidadá do Excmo. Concello de Ourense.

Artigo 10º - Xustificación e pagamento da subvención

A xustificación das axudas efectuaranse antes do día 30 de novembro de 2008, mediante a presentación dunha conta xustificativa comprensiva dos seguintes documentos:

1. Instancia subscripta pol@ presidente/a da entidade, asociación ou particular dirixida ó Excmo. alcalde presidente do Concello de Ourense; na que se solicite o pagamento da bolsa no número de conta corrente indicada na solicitude.
2. Memoria detallada que incluía declaración das actividades que se realizaron obxecto de subvención e custe real da mesma.
3. Relación numerada dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados (anexo IV) con motivo da actividade subvencionada con expresión mínima de: data, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago.
4. Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral, (TCS, cartas de pago, etc...), por importe equivalente ó montante subvencionado, incrementado nun 25 %.
5. Liquidación de ingresos e gastos da actividade subvencionada segundo modelo normalizado (anexo V)

A falta de xustificación dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito de cobro, en prexuízo da incoación dun expediente de reintegro de pagos pola contía dos fondos transferidos, conformados.

A acreditación de gastos por debaixo do límite do 50 % subvencionado, así como as deficiencias, non susceptibles de emendar que se observen na conta xustificativa que presente o beneficiario, dará lugar ó prorrateo automático da cantidade subvencionada, sen prexuízo da potestade administrativa de instar, u procedemento de reintegro do pagos, polas entregas a conta efectuadas.

Artigo 11º- Requisitos das facturas

As facturas que se acheguen como xustificantes da subvención deberán cumpri-los requisitos seguintes:

1. Os establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/03:
 - Datas no período subvencionable e correspondentes a actividade dese período.
 - Conte-lo DNI ou número de identificación fiscal do perceptor.
 - Conte-lo corimbo da casa subministradora e a sinatura.
 - Indica-lo concepto do gasto
2. Deberá xunta-lo orixinal e unha copia de cada un dos documentos que se presenten para selar a primeira, que será devolta, e compulsada a segunda. O selado consistirá na impresión sobre o documento orixinal dun selo ó efecto polo servizo xestor, con indicación da porcentaxe da subvención que se lle imputa.
3. No suposto de que a subvención teña como destino o pagamento de persoas físicas que prestan servizo retribuídos, pagamento de premios ou pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria ven obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe.

Os pagamentos ó persoal retribuído coa súa pertinente retención xustificaranse a través da nómina correspondente, acompañada dos TCs.

As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conte-los mesmos dereitos que os especificados polas facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto da Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se ten liquidado ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención.

En ningún caso se admitirán “Recibís” ou tickets de caixa.

Artigo 12 – Pago

Como norma xeral só se procederá ó libramento da subvención concedida previa xustificación íntegra polo beneficiario da aplicación da subvención recibida.

ANEXO I

INSTANCIA-SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE

A.VV.		N.I.F.
Representante	Teléfono	Fax
Enderezo:		C.P.
E-mail		

SOLICITO se admita a solicitude de subvención pola cantidade de _____ €
con destino a sufraga-los gastos de

_____, para o que se acompañan os documentos requiridos na convocatoria.

Asemade, **declaro baixo a miña responsabilidade** que:

[] Non se solicitaron nin obtido outras subvencións para a mesma finalidade ó longo do presente ano.

Ourense, ___ de _____ de 2008

(sinatura e corimbo)

Ado.: _____

ANEXO II (DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D/Dona _____ con CIF
_____ como presidente da A.VV. _____ con NIF
_____ e con domicilio en Ourense na rúa
_____ núm. _____ C.P. _____
teléfono _____

D/Dona _____ con CIF
_____ como secretario/a da A.VV. _____ con NIF
_____ e con domicilio en Ourense na rúa
_____ núm. _____ C.P. _____
teléfono _____

FORMULAMOS SOLIDARIAMENTE A PRESENTE DECLARACIÓN RESPONSABLE, ós efectos de acreditar ante a Concellería de Participación Cidadá do Excmo. Concello de Ourense: (proxecto de subvención para actividades veciñais 2008

1. Que nin a entidade, nin os seus membros nos casos legais establecidos, atopasen incursos en ningunha das prohibicións reguladas no artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, para obter a condición de beneficiario de subvencións da Administración Pública.
2. Que o importe da subvención solicitada no supera o 75% do custe realmente soportado pola entidade, tendo en conta outras subvencións que puidera ter obtido para a mesma finalidade.
3. Que a entidade non é deudora á facenda estatal, autonómica, local nin coa Seguridade Social.
4. Que nos comprometemos a aporta-la diferenza existente entre a cantidade subvencionada e o custe total da actividade.
5. Que nos comprometemos a facilitar tanta información nos sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá do Concello de Ourense, referente a calquera circunstancia ou extremo relativo á subvención otorgada.

Ourense, ____ de _____ de 2008

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo.: _____
D.N.I. núm. _____

Asdo.: _____
D.N.I. núm. : _____

ANEXO III (un por cada actividade)

Actividade

Programa:

_____ Obxectivos:

_____ Destinatarios:

_____ORZAMENTOS:

Gastos:

Ingresos:

Ourense, ____ de _____ de 2008

ANEXO IV – Relación de xustificantes da subvención

ACTIVIDADE:					
Núm.	Entidade	Concepto	Nª. Fact.	Importe	Data de pago
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					
16					
17					
18					
19					
20					

Total de gasto	€
-----------------------	----------

D. _____ como secretario da A.VV.
_____ certifico que os xustificantes anteriormente relacionados foron utilizados para o uso da subvención concedida pola Concellería de Participación Cidadá do Excmo. Concello de Ourense conforme ó orzamento presentado para a actividade de dita asociación.

E para que conste aso efectos de xustificación ante a Concellería de Participación Cidadá, asino a presente orde co visto e praxe do presidente da asociación veciñal Ourense, ____ de _____ de 2008

O PRESIDENTE

O SECRETARIO